




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ



MOCIÓN SOBRE A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL DE ALLARIZ

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares fundamentais da economía local alaricana constitúeo o pequeno comercio local. Dende fai moitos anos vén collendo músculo e está a superar con valentía unha crise económica salvaxe, da cal tamén se viu profundamente afectado.

Ninguén pon en dúbida a capacidade xeradora de riqueza e de emprego na nosa localidade por parte dos múltiples establecementos comerciais que con distintas fórmulas están abertos ao público en Allariz. O comercio local é un polo de atracción de moitos visitantes que percorren as rúas do casco vello para mercar e desfrutar da súa tamén puxante hostalería.

A mellora e permanente actualización e modernización neste ámbito tan importante da nosa economía local ten que ser constante. O modelo de vila comercial debe ter como misión fidelizar as persoas compradoras e consumidoras da área de gravitación, perante unha oferta integral, competitiva e adaptada aos gustos, necesidades e patróns imperantes na actualidade cambiante.

Chegou o tempo da mellora constante, de garantir o produto, de implementar un organismo municipal de defensa do consumidor, de revivir a asociación de comerciantes (actualmente sen actividade) e de por en marcha por parte do Concello de Allariz, un Plan de Acción Comercial que realice un diagnóstico completo sobre a situación da actividade comercial, dende unha óptica integral que mida aspectos económicos, urbanísticos e sociodemográficos, coa finalidade de achegar as ferramentas para dinamizar a nosa área comercial.

A partires desta radiografía ten que definirse un modelo comercial para a vila alaricana que sexa alcanzable e cunha serie de obxectivos estratéxicos que se deben articular en actuacións concretas. Os obxectivos sería os seguintes:

- Configurar un espazo de relación e cooperación entre os axentes involucrados no desenvolvemento comercial da Vila.
- Identificar as debilidades, fortalezas e oportunidades que presenta a actividade comercial do municipio.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

- Caracterizar as pautas de compra da poboación, identificando os factores clave que máis inciden no desenvolvemento comercial da vila e as demandas non satisfeitas dos consumidores.
- Detectar o grao de adecuación do tecido comercial existente a demanda presente e futura, perante a realización de análises prospectivas.
- Analizar o espazo urbano no que se asentan os locais comerciais, coa finalidade de promover actuacións de mellora.
- Desenvolver o modelo comercial máis acaído para o municipio que permita un desenvolvemento nas mellores condicións de equilibrio, eficacia e accesibilidade, satisfacendo as necesidades dos consumidores e reforzando a función da actividade na mellora económica e social da nosa Vila.

O Plan Estratéxico que precisa o comercio local de Allariz ten que fundamentarse nas seguintes características:

- Competitividade.
- Orientado ao cliente local e da área de influencia.
- Modernidade e con capacidade de adaptación permanente.
- Colaborativo.
- Diferenciado e de calidade.
- Socialmente responsable.

Dito Plan que é preciso acometer de inmediato, ten que fornecerse dos atributos que xa son recoñecidos para Allariz como vila comercial e hostaleira: a cercaría, a calidade e o carácter local da súa oferta. Seguir apostando por encadrar a oferta comercial en espazos amables co entorno, que favorezan o acto de compra e consolidar un tecido sectorial sólido e con capacidade para crear emprego de calidade na nosa localidade.

Tendo en conta o anteriormente exposto e có ánimo de profundar nesa mellora constante do noso comercio local, veño a propor a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Allariz acorda a realización dun Plan de Acción Comercial no que se realice un amplo diagnóstico sobre a situación da actividade comercial do municipio dende unha perspectiva integral que abrangue aspectos sociodemográficos, económicos e urbanísticos, coa finalidade de poñer nas mans dos axentes públicos e privados ferramentas que dinamicen a nosa área comercial.

En Allariz a 9 de novembro de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-